

Proxecto de Decreto polo que se regula o Estatuto das Mulleres do sector marítimo-pesqueiro de Galicia

A participación das mulleres no sector marítimo-pesqueiro é unha realidade histórica e sostida no tempo, especialmente en actividades como o marisqueo a pé, a reparación e confección de redes de pesca, o traballo nas confrarías, a elaboración de produtos pesqueiros ou a comercialización. Estas tarefas, que ao longo de moitos séculos foron clave para o sostemento das economías costeiras e pesqueiras, foron realizadas por mulleres que desempeñaron roles fundamentais, pero frecuentemente invisibilizados.

Con todo, as achegas destas mulleres foron durante décadas escasamente recoñecidas nos marcos normativos e institucionais, resultando en situacións de desigualdade persistente que continúan tendo impacto na actualidade. Ao longo do tempo, o traballo das mulleres no mar, caracterizado pola súa maior proximidade ao fogar, o que facilitaba a conciliación das labores produtivas coas responsabilidades domésticas e de coidados, foi tratado como complementario ao dos varóns, sen ser adecuadamente valorado nin recoñecido na normativa laboral ou social. Este fenómeno non só responde a unha cuestión de xénero, senón tamén a un contexto interseccional no que factores como o ámbito xeográfico, a idade, a condición socio-económica ou o tipo de ocupación agravan a discriminación das mulleres no sector.

A discriminación interseccional refírese á interacción de múltiples factores que afectan de maneira acumulada a grupos ou colectivos concretos e que interactúan, xerando un prexuízo específico. No caso das mulleres do mar, a discriminación non deriva unicamente dos roles asociados ao seu xénero, senón que tamén se ve influída pola súa localización nas zonas rurais ou pesqueiras, pola súa idade ou pola

informalidade nas que moitas veces se realizan as súas actividades. Esta realidade configura un entorno onde as mulleres do mar, en moitos casos, non só enfrontan barreiras baseadas no sexo, senón tamén en outras causas de discriminación que derivan da escasa presenza de servizos ou infraestruturas de apoio na zona costeira, da desvalorización das súas habilidades e o acceso desigual á formación e aos recursos.

O marco normativo actual ofrece ferramentas específicas para abordar esta discriminación de maneira efectiva e con garantías de cambio. No ámbito internacional, a Convención sobre a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra a Muller de 1979 (CEDAW), ratificada polo Estado español, establece a obrigação de adoptar medidas apropiadas para garantir a igualdade de oportunidades e de trato en todos os sectores, incluído o pesqueiro. A CEDAW tamén subliña a necesidade de eliminar todas as formas de discriminación tanto no sector público como no privado, e de promover políticas que favorezan a inclusión activa das mulleres en todas as esferas laborais. O Comité para a Eliminación da Discriminación contra a Muller (CEDAW) recolle de maneira reiterada as necesidades específicas das mulleres no ámbito rural e pesqueiro, e insta aos Estados a adoptar medidas concretas para mellorar a súa situación.

No ámbito europeo, a Directiva 2006/54/CE sobre a igualdade de trato entre homes e mulleres en materia de emprego e ocupación, que foi adoptada para eliminar a discriminación de xénero no traballo, foi interpretada polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TJUE) en casos relevantes como o asunto C-303/06 Coleman. Neste caso, o tribunal recoñeceu que a discriminación non se limita ao prexuízo ocasionado por unha causa presente na persoa discriminada, senón que tamén inclúe formas de discriminación por asociación, como ocorre cando unha persoa é tratada de maneira desfavorable debido ao seu vínculo con outra na que concorre a causa de discriminación. A lección que extraemos deste caso é que as políticas públicas deben abordar non só a discriminación directa e indirecta, senón tamén as actitudes que

perpetúan o trato discriminatorio malia que non se evidencian de maneira explícita, acollendo unha interpretación do dereito á non discriminación axustada á realidade actual e ás condicións familiares e socioeconómicas de cada muller.

No ordenamento xurídico estatal, a Constitución Española de 1978 proclama a igualdade ante a lei de tódolos españois, sen que poida prevalecer discriminación algunha baseada no sexo ou noutra condición o circunstancia persoal ou social. Seguidamente, o seu artigo 9.2, encomenda aos poderes públicos a promoción daquelas condicións necesarias para que igualdade do individuo e dos grupos nos cales se integra sexan reais e efectivas. Pola súa banda, a Lei Orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establece a obriga de integrar o principio de igualdade de forma transversal en todas as políticas públicas, recoñecendo a lexitimidade das accións positivas para corrixir as desigualdades de feito. A lei tamén establece que as políticas e accións que fomenten a igualdade deben adaptarse aos sectores produtivos específicos, como o sector pesqueiro, que require medidas que respondan á súa realidade particular. Neste sentido, as accións positivas no sector pesqueiro deberían incluír a integración de mulleres en postos de toma de decisións, apoio á súa formación e mellora das súas condicións laborais.

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o Estatuto de autonomía establece, no seu artigo 4.2, a obriga que corresponde aos poderes públicos de promoveren as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, removeren os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitaren a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

De acordo co este marco constitucional e estatuario, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, cuxo título V recolle nun único artigo, o 147, os dereitos das mulleres no desenvolvemento rural e do

sector marítimo-pesqueiro, e determina que, para ese fin, a Administración xeral da Comunidade Autónoma promoverá a aprobación dos seus respectivos estatutos. Na súa disposición adicional quinta tamén dispuxo que, co obxectivo de dar cumprimento ao sinalado no artigo 147.3, a Administración xeral da Comunidade Autónoma procederá a aprobar, no prazo máximo dun ano, contado a partir da entrada en vigor desta lei, e en diálogo coas entidades representativas das mulleres no rural e no sector marítimo-pesqueiro, tanto o Estatuto das mulleres do rural como do Estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro.

En consecuencia, este decreto se aproba en cumprimento da citada disposición adicional.

O presente decreto consta de dezaseis artigos. Estrutúrase en cinco capítulos, o primeiro dos cales contén as disposicións xerais onde son enumerados os obxectivos a cuxa consecución se consagran os catro títulos seguintes. Estes, á súa vez, conteñen as medidas encamiñadas a potenciar a empregabilidade, o benestar, o liderado e a visibilidade das mulleres do sector marítimo-pesqueiro.

O capítulo I enuncia o obxecto perseguido coa adopción do presente estatuto, enumerando os obxectivos específicos de cuxa consecución depende a efectividade do dereito á igualdade de trato e á non discriminación das mulleres do sector marítimo-pesqueiro. As devanditas disposicións veñen acompañadas dun elenco onde se conteñen as definicións dos conceptos xurídicos elementais para a correcta comprensión das medidas enunciadas nos títulos seguintes.

O capítulo II debulla as medidas dirixidas á mellora da empregabilidade das mulleres do sector marítimo-pesqueiro, concibida como o conxunto de competencias e cualificacións transferibles que reforzan a capacidade das persoas para aproveitar as oportunidades de educación e formación que se lles presenten con miras a atopar e a conservar un traballo decente, a progresar profesionalmente e a adaptarse á

evolución da tecnoloxía e das condicións do mercado de traballo. Consonte a esta definición de empregabilidade, contida na Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego, promoverase a capacitación das mulleres do sector como ferramenta para o acceso, a promoción e a conservación do emprego por conta allea, combatendo a persistente segregación horizontal e estimulando o desenvolvemento das denominadas “carreiras azuis”. Proseguirase, pois, nunha senda na cal a Comunidade Autónoma de Galicia foi pioneira coa profesionalización do marisqueo trala aprobación da Lei 15/1985, de 23 de outubro, de ordenación marisqueira e cultivos mariños, e, en concreto, mediante o Decreto 116/1987, de 14 de maio, que instauraba a obriga de estar en posesión do certificado de mariscador, sen esquecer a imprescindible adquisición dunhas competencias dixitais e emprendedoras que, segundo a Recomendación do Consello de 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente, constitúen a pedra angular da integración social e da cidadanía activa.

O capítulo III abrangue medidas encamiñadas a garantir o benestar das mulleres do sector marítimo-pesqueiro ou vencelladas a el por razóns familiares, obxectivo cuxo alcance transcende a prevención dos riscos aos cales se expoñen por mor da súa actividade profesional. Segundo datos da Organización Internacional do Traballo, da Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura e do Ministerio de Traballo e Economía Social, as actividades pertencentes ao sector marítimo-pesqueiro atópanse entre as máis perigosas do mundo, estimándose que un 7% das vítimas mortais de accidentes laborais ocorren nel, pese a representar menos do 1% da forza laboral mundial, sendo as taxas máis elevadas as da pesca marítima. Existen, sen embargo, outros riscos en modo algún depreciables e, a miúdo, esquecidos, derivados da execución de actividades feminizadas, coma o marisqueo, ou da participación en actividades masculinizadas nas que a muller se expón á violencia sexual e sexista, como a pesca a bordo de embarcacións. O anterior aconsella introducir a perspectiva de xénero interseccional na prevención de riscos no sector marítimo-pesqueiro. Porén, a existencia doutros riscos, nomeadamente de índole psíquica,

que se cernen sobre as mulleres vencelladas ao sector marítimo-pesqueiro derivados do illamento, do distanciamento do cónxuxe, da parella ou dos seus familiares e das dificultades propias da asunción corresponsable das responsabilidades familiares, suxire unha abordaxe integral, así como o fomento da distribución das labores de coidado no seo da parella.

O capítulo IV inclúe medidas destinadas a estimular o liderado feminino no sector marítimo-pesqueiro. O anterior implica, por unha banda, promover unha representación equilibrada nos ámbitos de toma de decisións. Sobre este extremo, cómpre lembrar a Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións sobre un novo enfoque da economía azul sostible da Unión Europea “Transformar a economía azul da Unión Europea para un futuro sostible”, de 17 de maio de 2021, onde se avoga por promover unha participación equilibrada de mulleres e homes nas profesións marítimas e por incrementar a visibilidade da muller na gobernanza da economía azul. Pola outra banda, acadar este obxectivo require apoiar a iniciativa emprendedora no sector, sexa dando continuidade aos modelos e actividades tradicionais de xeito que se garanta o necesario relevo xeracional, sexa adoptando outros máis innovadores, cunha confesada preferencia polos que encaixen no seo da economía social.

Por último, no capítulo V inclúense as medidas orientadas a facer visibles as achegas das mulleres do sector marítimo-pesqueiro, así coma a súa contribución actual ao sector e á comunidade que as acolle. O anterior abrangue a realización de campañas de difusión e sensibilización para dar a coñecer á cidadanía a realidade da muller no sector. Pola outra banda, dotar de visibilidade o rol da muller require adaptar a elaboración de informes e estudos para que reflectan as circunstancias e as súas achegas.. A tal efecto, cómpre ter en conta que a Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións “Unha Unión da Igualdade: Estratexia para a Igualdade de Xénero 2020-2025”

lembra a pertinencia de debullar os datos recompilados consonte a aspectos e indicadores interseccionais, a fin de contar con información global, actualizada e comparable para a elaboración de políticas públicas. Así, consonte ao recomendado na Declaración de Santiago de Compostela pola igualdade de oportunidades no sector pesqueiro e acuícola, froito da I Conferencia Internacional das Mulleres da Pesca, de 5 de novembro de 2018, incrementaranse os esforzos en materia estatística a fin de identificar as fendas de xénero persistentes e de articular políticas públicas capaces de poñer fin á infravaloración do traballo feminino no sector marítimo-pesqueiro.

Esta norma axústase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, ao responder as medidas previstas nela á satisfacción de necesidades de interese xeral coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia, ao establecerse na norma os obxectivos perseguidos e a súa xustificación, e ao promover a participación cidadá na súa elaboración, como exixen os principios de transparencia e accesibilidade.

Na súa virtude, por proposta da conselleira do Mar, de acordo co ditame do Consello Consultivo e logo da deliberación no Consello da Xunta na súa reunión do día ____ de _____ de 2026,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

1. O obxecto do presente decreto é a regulación do Estatuto das Mulleres do sector marítimo-pesqueiro de Galicia mediante o establecemento de mecanismos tendentes a facer efectivo o dereito á igualdade de trato e a non discriminación das mulleres do sector marítimo-pesqueiro, removendo os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a súa participación na vida política, económica, cultural e social, consonte ao disposto no artigo 9.2 da Constitución española e no artigo 4 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

2. En particular, esta norma persecue os seguintes obxectivos:

a) Definir, a efectos do presente estatuto, o marco conceptual do dereito á igualdade de trato e á non discriminación das mulleres pertencentes ao sector marítimo-pesqueiro consonte ao disposto na Constitución Española, no Dereito da Unión Europea e nos tratados internacionais ratificados polo Estado español e publicados oficialmente.

b) Integrar unha perspectiva de xénero interseccional no deseño, execución, seguimento e avaliación das políticas públicas de competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito marítimo-pesqueiro a fin de erradicar a discriminación específica padecida polas mulleres neste eido.

c) Outorgar visibilidade ao papel desempeñado polas mulleres no sector marítimo-pesqueiro.

- d) Facilitar o acceso, a promoción e a conservación do emprego feminino en tódalas actividades do sector marítimo pesqueiro, poñendo o acento nas profesións masculinizadas.
- e) Alentar as vocacións femininas no sector marítimo-pesqueiro.
- f) Impulsar a participación das mulleres do sector marítimo-pesqueiro en accións formativas orientadas á súa profesionalización e á adquisición de competencias susceptibles de mellorar a súa empregabilidade.
- g) Propiciar a conciliación da vida familiar e laboral estimulando a asunción corresponsable das responsabilidades familiares.
- h) Promover o benestar laboral das mulleres do sector marítimo-pesqueiro garantindo a súa calidade de vida no traballo.
- i) Estimular a adopción de medidas de sustentabilidade social empresarial na súa dimensión interna e externa, en canto atendan á especificidade propia da situación das mulleres do sector marítimo-pesqueiro.
- j) Incentivar o liderado feminino na empresa, en particular, cando se canalice mediante iniciativas emprendedoras pertencentes á economía social.
- k) Apoiar o asociacionismo feminino no sector marítimo-pesqueiro.

Artigo 2. *Definicións*

A efectos deste decreto, entenderase por:

Sector marítimo-pesqueiro: parte da economía que inclúe todas as actividades de extracción, cultivo, produción, manipulación, transformación e comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura.

Pesca: o exercicio da actividade extractiva, dirixida á explotación comercial de especies piscícolas, utilizando artes, aparellos, útiles ou equipos propios da pesca. Inclúese nesta definición a captura de especies de crustáceos, moluscos e outros invertebrados mariños con artes non específicas para estas especies.

Acuicultura: a cría ou cultivo de organismos acuáticos con técnicas encamiñadas a aumentar a produción dos organismos en cuestión por riba das capacidades naturais do medio; estes organismos serán, ó longo de toda a fase de cría ou cultivo e ata o momento da súa recollidaa, propiedade de persoas físicas ou xurídicas.

Marisqueo: exercicio da actividade extractiva, desenvolta a pé ou desde embarcación, na zona marítima ou marítimo-terrestre dirixida de modo exclusivo e con artes selectivas e específicas á captura dunha ou varias especies de moluscos, crustáceos, tunicados, equinodermos e outros invertebrados mariños, con fins de comercialización.

Muller do sector marítimo-pesqueiro: toda muller que accede, desempeña ou desempeñou, por conta propia ou allea, algunha das actividades pertencentes ao sector marítimo-pesqueiro, ou se está a formar con vistas ao seu desempeño futuro. Inclúense tamén ás que desenvolven actividades para as entidades representativas do sector marítimo pesqueiro.

Muller vencellada ao sector marítimo-pesqueiro: toda muller cuxo cónxuxe, parella de feito ou parente ata o segundo grao, por consanguinidade ou afinidade, accede, desempeña ou desempeñou, por conta propia ou allea, algunha das actividades pertencentes ao sector marítimo-pesqueiro.

Benestar laboral: a garantía da calidade de vida das persoas traballadoras como consecuencia da aplicación de medidas de sustentabilidade social empresarial.

Presenza ou representación equilibrada: a presenza ou representación de mulleres e homes de forma que, no conxunto a que se refira, as persoas de cada sexo non superen o 60 por cento nin sexan menos do 40 por cento, consonte ao disposto na Lei Orgánica 2/2024, do 1 de agosto, de representación paritaria e presenza equilibrada de mulleres e homes.

CAPÍTULO II

Empregabilidade

Artigo 3. Políticas activas de emprego

1. As políticas activas de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia integrarán o principio de transversalidade da dimensión de xénero consonte ao disposto no artigo 20 da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, atendendo, cando proceda, á especificade propia da situación das mulleres do sector marítimo-pesqueiro, o que implica:

- a) Propiciar o acceso, a promoción e a conservación do emprego das mulleres do sector marítimo-pesqueiro en condicións de igualdade.
- b) Considerar a singularidade propia das mulleres na actividade de promoción da negociación colectiva no sector marítimo-pesqueiro.
- c) Alentar a incorporación de mulleres ás profesións tradicionalmente masculinizadas pertencentes ao sector marítimo-pesqueiro, especialmente daquelas que se encontran en situacións de especial

desvantaxe debido ás súas dificultades para o acceso, a promoción e o mantemento do emprego que obstaculizan a súa inserción laboral, como as vítimas de violencia de xénero.

2. A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia integrará a dimensión de xénero interseccional na intermediación laboral cando sexa preciso para evitar as desviacións derivadas dos estereotipos de xénero existentes no sector marítimo pesqueiro avaliando, cando proceda, os efectos derivados da utilización de decisións parcialmente automatizadas.

3. A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia atenderá á situación particular na que puidesen atoparse como demandantes de emprego no sector marítimo-pesqueiro as mulleres por razón de discapacidade, adoptando os axustes razoables que lles permitan beneficiarse das políticas activas de emprego en condicións de igualdade.

Artigo 4. Promoción do emprego feminino

Coa fin de reducir a segregación horizontal en función do sexo das persoas traballadoras no sector marítimo-pesqueiro, promoverase a contratación por conta allea de mulleres naqueles ámbitos, grupos ou categorías profesionais onde non estean suficientemente representadas.

A tal efecto, entenderase que as mulleres non están suficientemente representadas cando exista unha diferenza porcentual de, alo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes, a xulgar polos datos fornecidos polo Instituto Galego de Estatística, consonte ao disposto no artigo 117 da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Artigo 5. Dereito á educación e á formación profesional

1. Co propósito de estimular as vocacións femininas no sector marítimo pesqueiro, alentárase o acceso á formación formal das mulleres que aspiren a desenvolver nel a súa actividade e a promocionar profesionalmente, adecuando a oferta formativa ás súas necesidades e intereses e apoiándoas nas súas transicións profesionais.

O anterior poderá incluír, entre outras medidas, o desenvolvemento de campañas de información e sensibilización destinadas ao alumnado de ensinanza infantil, primaria, secundaria e bacharelato acerca das oportunidades formativas en materia de formación profesional pertencente á familia marítimo-pesqueira, así como nas titulacións universitarias orientadas ao desempeño de actividades do sector marítimo-pesqueiro.

2. As devanditas medidas, orientadas a remover os estereotipos de xénero imperantes no sector marítimo-pesqueiro, farán fincapé naqueles ámbitos onde a muller non estea suficientemente representada, combatendo a segregación horizontal apreciable no sector dende a etapa formativa.

Artigo 6. Dereito á formación profesional para o emprego

1. As mulleres do sector marítimo-pesqueiro teñen dereito a recibir unha formación ao longo da súa vida que lles facilite o acceso, a promoción e a conservación do seu emprego, así como as transicións profesionais.

A tal fin, promoverase a súa participación nos programas de formación para o emprego destinados tanto a persoas traballadoras desempregadas coma ocupadas, en particular, durante os períodos de inactividade.

2. Fomentárase a participación das mulleres do sector marítimo-pesqueiro nas accións formativas que teñan por obxecto a mellora das súas competencias profesionais e os seus itinerarios de emprego e formación, en particular, en canto atinxe á adquisición das competencias dixitais e emprendedoras, favorecendo a adquisición selectiva e flexible de competencias, de ser o caso, mediante a obtención de microcredenciais acumulables.

3. No deseño e organización das accións formativas terase en conta a situación das mulleres en situación de especial desvantaxe atendendo, cando proceda, ás súas necesidades específicas. En particular, atenderase á situación na que puidesen atoparse as mulleres por razón de discapacidade, adoptando os axustes razoables que lles permitan beneficiarse das accións formativas. Asemade, terase en conta a situación das mulleres por razón de conciliación da súa vida profesional e familiar.

Artigo 7. Formación en materia de igualdade de trato e non discriminación

1. Propiciárase a formación e sensibilización en materia de igualdade de trato e non discriminación de tódalas persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro mediante o impulso de experiencias formativas que permitan a integración real da perspectiva de xénero na actuación de tódalas empresas e entidades do sector.

2. En particular, estimularase a participación das persoas que desempeñen postos de responsabilidade, dirección e coordinación de equipos de traballo nas experiencias formativas mencionadas no apartado 1 deste artigo.

3. No deseño e organización das iniciativas formativas levadas a cabo ao abeiro deste artigo terase en conta a situación das mulleres en situación de especial desvantaxe atendendo, cando proceda, ás súas

necesidades específicas. En particular, atenderase á situación na que puidesen atoparse as mulleres por razón de discapacidade, adoptando os axustes razoables que lles permitan beneficiarse das accións formativas, así como as mulleres por razón de conciliación da vida laboral e familiar, consonte ao disposto no artigo 6.3 deste decreto.

CAPÍTULO III

Benestar

Artigo 8. Seguridade e saúde no traballo

1. A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia impulsará as medidas necesarias para garantir a seguridade e a saúde no traballo das mulleres do sector marítimo-pesqueiro.

2. Co fin de facer efectivo o dereito á seguridade e á saúde no traballo, promoverase o desenvolvemento de políticas e plans de prevención de riscos laborais que garantan a integridade física e psíquica das mulleres o sector marítimo-pesqueiro tendo en conta os factores que afecten de xeito específico ás mulleres ou que presenten unha incidencia diversa entre as mulleres e os homes, facendo fincapé nos de índole psíquica.

A anterior perspectiva terase en conta na análise e avaliación de riscos mediante a consideración das variables relacionadas co sexo, así como no desenvolvemento de programas orientados á súa prevención.

3. En particular, promoverase o uso de ferramentas e equipos de traballo que teñan en conta as diferenzas anatómicas existentes entre homes e mulleres no sector marítimo-pesqueiro, así como no deseño dos postos de traballo.



Artigo 9. *Prevención e loita perante o acoso sexual e o acoso por razón de sexo*

1. A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia fornecerá a información e os servizos necesarios para garantir a protección fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo que atinxe, en particular, ás mulleres en certas actividades do sector marítimo-pesqueiro eminentemente masculinizadas.

Así mesmo procurará que o acceso das mulleres residentes en zonas costeiras non urbanas aos recursos públicos establecidos para a prevención e a atención das situacións de violencia e acoso no traballo do mar sexa equiparable ao das residentes en zonas urbanas.

2. Promoverase a adecuación de instalacións e espazos de traballo dende a perspectiva de xénero garantindo a intimidade, en particular, a bordo das embarcacións.

3. Sempre que sexa compatible coa normativa europea, nacional ou autonómica básica en materia de axudas e subvencións no sector marítimo-pesqueiro, outorgarase prioridade ás empresas que contén cun protocolo contra o acoso sexual e o acoso por razón de sexo, así como ás que elaboren un plan de igualdade que o inclúa, sen estar obrigadas por lei.

Artigo 10. *Saúde pública*

1. A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia terá en conta os riscos que ameazan á saúde das mulleres vencelladas a persoas integrantes do sector marítimo-pesqueiro no seus plans de saúde pública atendendo, en particular, á súa saúde mental debido aos longos períodos de distanciamento do seu cónxuxe, parella de feito ou dos seus familiares e/ou á asunción en solitario das responsabilidades familiares.



Artigo 11. *Conciliación da vida familiar e profesional*

1. A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá accións de información e sensibilización sobre os dereitos conferidos ás traballadoras por conta allea e por conta propia para conciliar a súa vida familiar coa súa vida profesional, concienciando sobre a asunción corresponsable das labores de coidado.
2. Coa fin de favorecer o devandito uso corresponsable dos dereitos de conciliación da vida familiar e profesional, alentarase a organización de servizos destinados á substitución da traballadora autónoma do sector marítimo-pesqueiro para facer efectivo o seu dereito a suspender a actividade por motivos de conciliación da vida familiar e profesional nos termos contemplados na normativa vixente.
3. De conformidade co principio reitor de equilibrio territorial establecido no artigo 4.e) da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia procurará que o acceso das mulleres e homes residentes en zonas costeiras non urbanas que traballen por conta allea ou propia aos recursos públicos establecidos para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, sexa equiparable ao das persoas residentes en zonas costeiras urbanas.

CAPÍTULO IV

Liderado

Artigo 12. *Representación das mulleres no sector marítimo-pesqueiro*

1. A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá unha participación equilibrada de mulleres e homes nos procesos de toma de decisións nos diversos ámbitos do sector-marítimo pesqueiro.

2. O equilibrio entre o número de integrantes de ámbolos dous sexos nos órganos colexiados de participación institucional das mulleres do sector marítimo-pesqueiro será tido en conta para a designación dos membros pola consellería competente.

3. A consellería competente en materia de mar promoverá unha representación equilibrada nos órganos de dirección das asociacións, organizacións profesionais, sociedades de capital e sociedades cooperativas que desenvolvan a súa actividade no sector marítimo-pesqueiro mediante o impulso de experiencias formativas e de sensibilización en materia de igualdade de trato e non discriminación mencionadas no artigo 7 deste decreto, alentando o asociacionismo feminino no sector.

Artigo 13. Iniciativa emprendedora

1. A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia alentará o autoemprego e as iniciativas empresariais emprendidas por mulleres no sector marítimo-pesqueiro mediante o impulso de medidas de información, formación e sensibilización orientadas a apoiar o liderado feminino no ámbito empresarial.

As devanditas medidas afondarán, de xeito prioritario, no aproveitamento das novas tecnoloxías e na prospección de novos xacementos empresariais a través da adquisición das competencias dixital e emprendedora.

2. Debido ao seu compromiso co desenvolvemento local, coa promoción da sociedade que as acolle e coa cohesión social, considerarase de especial interese o fomento do emprendemento canalizado mediante entidades pertencentes á economía social susceptibles de xerar un emprego estable e de calidade respectuoso coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes consonte ao disposto no artigo 4 da Lei 6/2016, de 4 de maio, da economía social de Galicia.

CAPÍTULO V

Visibilidade

Artigo 14. *Recoñecemento*

1. A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia impulsará campañas periódicas de información, difusión e sensibilización, preferentemente a través dos medios de comunicación de titularidade autonómica, sobre o papel desempeñado polas mulleres no sector marítimo-pesqueiro, poñendo en valor os oficios tradicionalmente desempeñados por elas e salientando as súas achegas ao sector e á comunidade.
2. As campañas orientadas á visibilización e á posta en valor do traballo feminino no sector marítimo-pesqueiro incluírán entre os destinatarios, cando as súas características o fagan posible, ao alumnado dos centros educativos onde se impartan ensinanzas vinculadas ao sector marítimo-pesqueiro, a fin de propiciar o debate construtivo sobre o rol da muller no sector.
3. A consellería competente en materia de mar adoptará as medidas oportunas para garantir, na medida do posible, unha presenza equilibrada entre mulleres e homes na designación das persoas que interveñan nos actos, seminarios, talleres, conferencias, foros e demais actividades que organice ou nas cales participe.
4. Créase o Premio Muller do Mar que será organizado anualmente pola consellería competente en materia de mar e cuxas bases serán desenvolvidas regulamentariamente.

Artigo 15. *Estudos, informes e estatísticas*

1. A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá a elaboración de estudos e informes orientados á diagnose da discriminación no sector marítimo-pesqueiro e á identificación das modalidades nas que se presente, coa fin de propoñer unha resposta susceptible de ser aplicada mediante as políticas públicas ás que fai referencia o artigo 1 deste decreto.

2. Os estudos e informes relativos ao sector marítimo-pesqueiro adoptarán unha perspectiva de xénero interseccional. O anterior implica, cando proceda:

a) Incluír a variable sexo na recollida de datos, xunto con outras susceptibles de interactuar con ela, coma a idade, a discapacidade ou a situación socio-económica.

b) Recompilar unha mostra suficientemente ampla e variada que reflicta as diversas realidades propias das mulleres do sector marítimo-pesqueiro.

c) Prever indicadores estatísticos susceptibles de revelar as diferencias inherentes aos roles de xénero no sector marítimo-pesqueiro.

d) Adaptar as definicións estatísticas para dar cabida á especificidade propia das mulleres do sector marítimo-pesqueiro.

Artigo 16. *Participación no Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar*

As mulleres do sector marítimo-pesqueiro participarán no Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar, creado segundo o artigo 179 da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, como órgano colexiado de asesoramento, análise e

seguimento da situación das mulleres rurais e do mar en Galicia, nos porcentaxes e seccións indicadas no mesmo.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

O presente decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,

Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente

Marta Villaverde Acuña
Conselleira do Mar